

# A MEMORIA FOTOGRÁFICA DE O GROVE

Fotos colección Colexio Rosalía de Castro  
Tino Pardellas: Profesor co CEIP "Rosalía de Castro"

Como xa quedou explicado en anteriores revistas, o Patrimonio Inmaterial das zonas nas que traballamos, principalmente Illa de Ons e O Grove, é moi rico e importante pero, tristemente, pouco estudiado. É polo que unha das nosas teimas foi intentar dalo a coñecer, conseguir que os colaboradores o traballasen e, sobre todo, animar aos investigadores a que non o deixen de lado pois de facelo, morrerá definitivamente.

Hai anos sacamos á luz nos nº:14 - 15 a lista de Chatas de O Grove que os alumnos do CEIP Rosalía de Castro traballaran cos seus mestres hai xa máis de 12 anos. Daquela explicabamos que nós só íamos a dar a coñecer a lista de chatas que os rapaces elaboraran, pero que sería interesantísimo, xa que é parte principal da cultura desta vila, aumentala e, sobre todo, expicalas na medida do posible. A nosa chamada foi escoitada e, en dous anos, dende a concellería de cultura do concello de O Grove xunto con varios profesores dos IES de O Grove, viu a luz unha publicación sobre as Chatas e o seu significado que, aínda que para moitos conten moitos errores, foi un paso de xigante para que, no futuro se poida corrixir, completar e aumentar.

O mesmo estamos a animar para a recompilación de contos, lendas, sucesos, personaxes, ditos, ..., gastronomía e, como non, sobre o importantísimo patrimonio fotográfico que axudaría moitísimo a coñecer a vila meca, as súas xentes, os seus oficios, as súas festas, a súa economía,... É importante que, como pasou coas Chatas, se publiquen e que a cada foto lle acompañe o texto que a explique e a poña en valor. Está moi ben o facer macroexposicións retrospectivas pero se non lle engadimos a explicación a foto perde todo o seu valor.

Aquí lles deixamos algunas das centos de fotos que os alumnos do colexio Rosalía de Castro trouxeron dos álbuns familiares para incorporalas ás exposicións que anualmente se facían co gallo das Letras Galegas.

